

Literatura Infantil e Xuvenil

PARA LEMBRAR


Lembramos que o día 25 de xullo de 1923 naceu María Gripe (Suiza, 1923-2007). Galardoada co Premio Hans Christian Andersen en 1974, esta famosa escritora da Literatura Infantil e Juvenil foi mundialmente recoñecida pola forte caracterización emocional dos seus protagonistas infantís. Entre as súas obras máis famosas, o lectorado galego pode gozar con *A filla do espantallo* (SM, 1990), *Os fillos dos vidreiro* (SM, 1990) e *Hugo* (SM, 1992). **ELOS**



PROTAGONISTAS ELIXIDOS

Pura Vázquez Iglesias. (Ourense, 1918-2006). É hoxe a nosa protagonista esta mestra escritora que faleceu o 25 de xullo de 2006, hai agora sete anos. Recoñecida especialmente polos seus poemas, tamén marcou a súa traxectoria pública como unha importante voz en publicacións periódicas e en libros, sobre todo a partir dos anos 50, nun contexto de relativa liberdade de expresión, unha vez que a sociedade española se ía recuperando despois da Guerra Civil.

No que se refire ao ámbito educativo destacou por defender, como mestra, un ensino que considerase a formación dun lector de literatura. No ámbito literario é recoñecida, sobre todo, por obras poéticas escritas en lingua castelá e galega. No que se refire á LIX son de salientar: *Columpio de luna y sol* (1952), *Rondas de Norte a Sur* (1968), *Oriolos neneiros* (1975) e *Viaxe ó país dos contos e da poesía* (1985), estes dous últimos en coautoría coa súa irmá Dora Vázquez. **ELOS**



Coordinada por Blanca-Ana Roig Rechou

42 TENDENCIAS

EL CORREO GALLEGO

MARTES
24 DE JULIO DE 2012

ELOS DE LECTURA


Unha fermosa historia para eloxiar a diferenza

Artur e Clementina é unha historia de tartarugas que incide nas relacións de xénero e defende a liberdade feminina

SARA REIS DA SILVA
UMINHO/ELOS/LIJMI

Artur e Clementina, un álbum da italiana Adela Turín, creadora da colección "A favor de las niñas", e ilustrado por Nella Bosnia, foi orixinalmente editado en 1976. Rexorde agora nos andeis das librerías da man de Kalandraka. Neste álbum é de salientar a tematización dun tópico atemporal, a partir dunha construción literaria próxima á fabula. A dualidade de personaxes que o título anuncia e o seu enraizamento no universo naturalista/animal, como denuncia a ilustración da capa, funcionan como piares ideolóxicos e estruturais. A relación de dúas tartarugas que deciden casar na mesma tarde en que se coñecen serve de pretexto para a ficción que toca, con mestría, cuestións de xénero, xesto creativo e innovador na data da primeira edición, e que promove o

cuestionamento de temas como a educación en igualdade, a liberdade ou o respecto pola diferenza e individualidade, e tamén pola valorización da arte (como a música e a pintura). Con visións do mundo, da vida e do Outro ostensiblemente diverxentes, os dous coprotagonistas animais humanizados asumen papeis distintos. Se Clementina, espírito aberto, sensible e soñador, soña coa arte e a aventura, Artur, polo contra, revélase "pechado" a todo o que fuxa da rutina, da disciplina, do rigor, acabando por inhibir ou limitar a súa compañeira. É, ademais, o que parece suxerir o feito de que esta figura masculina se presente visualmente recreada cun reloxo de pulso. A compoñente pictórica do volume, incidindo na recreación pormenorizada de aspectos naturalistas e de elementos de "personificación" das figuras, dá tamén conta ben da dualidade de



personaxes e dos seus respectivos retratos, ben dos principais momentos diéxicos e das peripecias que os apoian.

Os desexos de Clementina, tocar fruta, pintar ou visitar Venecia, son vistos por Artur como absurdos ou parvos e, así, a medida que o tempo pasa e que a acción avanza, asistimos á "anulación" daquilo que singulariza a Clementina, que comeza a se sentir ridícula e tentar escapar da hexemonía do home.

No final Clementina segue o seu impulso aventureiro e libre e acaba por deixar atrás unha vida que nunca podería ser a súa: "Clementina aínda anda a viaxar feliz po-


lo mundo adiante, tocando fruta, e talvez pinte fermosos cadros de flores e plantas. Se algunha vez atopas unha tartaruga sen casa, proba a chamala: «Clementina! Clementina!» E se contesta, daquela saberás que en verdade é ela." Artur, pola contra, continúa aínda hoxe "estupefacto e indignado", dicindo aos amigos "Era unha ingrata de campenato, aquela Clementina. Non lle faltaba nada: vinte e cinco andares tiña a súa casa, chea de tesouros!". O final deste conto non sexista deixa, pois, unha importante nota positiva e optimista, unha valiosa achega cara á educación para a cidadanía.

sara_silva@ie.uminho.pt

PARA COÑECELA +

90

Traducción e contemporaneidade. Como na década anterior, a presenza de autores clásicos contemporáneos a través da tradución é mostra da progresiva consolidación do sistema literario, achegándose cada vez máis ao lectorado galego aquelas obras de calidade recoñecidas con premios ou galardóns. Estas proceden principalmente doutras linguas de España, e os seus destinatarios conforman ambos os dous subsistemas literarios galegos. Transvasáronse obras de autores xa recoñecidos e notorios, caso de *O fillo do xardineiro* (1990), de Juan Farias, Premio Lazarillo de Literatura Infantil; *O príncipe da brétema* (1995), de Carlos Ruíz Zafón, Premio Edebé de Literatura Xuvenil, e *O gardián da lúa* (1994), de Jordi Sierra i Fabra, Premio Lazarillo de Literatura Infantil. Pero tamén outras de autores cuxa traxectoria comezaba a ser visible no momento, como *Catro ou tres mazás verdes* (1990), de Carmen Vázquez-Vigo, Premio Lazarillo de Literatura Infantil, e *O diccionario de Carola* (1996), de Carmen González Ojea, premio Edebé de Literatura Xuvenil. A pesar de ser os comentados os de maior presenza, tamén apareceron autores contemporáneos de sistemas literarios máis afastados, como *A avoíña da maceira* (1990), de Mira Lobe, Premio ó mellor libro infantil e xuvenil en Austria.. **CARMEN FERREIRA BOO**



Debuxos da obra editada por editorial Kalandraka.

